

## BASES DA II EDICIÓN DO CONCURSO COMPA(E)RTEO!, 2025

### OBXECTO

A Comisión de Actividades Culturais, Igualdade, Normalización Lingüística e Participación Estudantil da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, organiza o concurso “COMPAERTEO!” que ten por obxecto premiar ao alumnado que comparta nas redes sociais as súas experiencias nas Prácticas Académicas Externas do Curso 2024-2025 xunto cos alumnos dos mestrados bianuais que as teñen no derradeiro trimestre do ano 2025.

O concurso rexeráse polas seguintes bases:

#### 1. PARTICIPANTES

Poderá participar o alumnado matriculado no centro, tanto de grao como de mestrado, que desenvolva as súas Prácticas Académicas Externas durante 2025

#### 2. REQUISITOS

O alumnado debe subir ás súas redes sociais publicacións (fíos, fotografías, vídeos...) relacionadas coa súa experiencia no desenvolvemento de Prácticas Académicas Externas, empregando a lingua galega. Para iso terá que:

- Mencionar a @facultadexh, perfil da Facultade de Xeografía de Historia, en calquera das redes sociais nas que o centro teña usuario (Bluesky, Facebook, Instagram)
- Subir un mínimo de 8 e un máximo de 20 publicacións para a avaliación do xurado
- Os perfís deben ser públicos para a verificación do xurado.
- Enviar un correo cos contidos ou ligazón a historia.acnl@usc.gal para quedar inscrito con vontade de participación no concurso.

#### 3. PRAZO DE PRESENTACIÓN E PUBLICACIÓN DE CONTIDOS

Os contidos deben ser publicados **durante o período de realización das PAE**, de xeito que, segundo a titulación, se deberán publicar entre o 27 de xaneiro ata o 26 de outubro de 2025

#### 4. PREMIOS

Outorgaranse un total de 3 premios económicos: 1º premio de 200€, 2º premio de 150€ e 3º premio de 100€; a estas contías cómpre descontar os impostos correspondentes

Todas as persoas premiadas terán a obriga de entregar a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia que acredite a súa vinculación universitaria (título, impreso de matrícula, etc.)
- Certificación bancaria co número de conta onde efectuar o ingreso. E no caso de que a idea premiada pertenza a varias persoas, acordo asinado por todo o equipo promotor para poder facer o ingreso a unha soa persoa.

## 5. XURADO

O xurado estará composto por representantes da Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Xeografía e Historia, do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, dunha empresa dedicada á comunicación dixital e dun representante do alumnado de 3º curso.

## 6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

Valorarase a capacidade creativa, a comunicación e a difusión de contidos e actividades realizadas nas Prácticas Académicas Externas.

## 7. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación neste concurso implica a plena aceptación das súas bases e da decisión do xurado. A organización do concurso resérvase o dereito a declarar deserto un ou varios premios se considera que non houbera contidos suficientes ou que cumpran os requisitos.

Para calquera outra dúbida, contactar a través do correo [historia.acnl@usc.gal](mailto:historia.acnl@usc.gal)